

Gobierno de España, deixen de esfollar margaridas buscando apoios e retiren el Proxecto de Lei para o fomento de los plans de pensións privadas de emprego.

24/05/2022

Plataformas e movementos de pensionistas dos diferentes Pobos e Comunidades do Estado, chamamos a mobilizarnos diante da confusa tramitación do Proxecto de Lei para o Fomento dos Plans de Pensións de Emprego e esixindo a súa retirada.

Estamos a facelo habitualmente nas mobilizacións periódicas que organizamos (semanais, mensuais, ...) e **acordamos unha mobilización unitaria conxunta, ampla e contundente na semana en que se debata o Proxecto de Lei no Congreso.**

Este é un Proxecto de Lei (PL) que **nunca debería ser aprobado polo Goberno** do PSOE e Podemos e, tal como esiximos de maneira reiterada, debe ser retirado antes da súa aprobación definitiva no Congreso.

É un PL rexeitado pola ampla maioría das persoas pensionistas, que mostramos o noso rexeitamento na rúa de maneira continuada, e **é rexeitado polos partidos de esquerda que sosteñen co seu apoio no Parlamento ao Goberno.** As idas e vindas nas reunións tanto do Relatorio como na Comisión así o demostran.

É un PL que se quere sacar adiante menosprezando as mobilizacións pensionistas e a posición contraria ao PL de partidos como ERC, EHBildu, Mais País, BNG, CUP, Compromis que presentaron no seu día unha emenda á totalidade do proxecto.

É un proxecto que empobrece as pensións públicas e abre a porta á súa privatización. Á vez que se recorta o Sistema Público de Pensións (SPP), que é garantía dunhas prestacións mínimas para todas as persoas traballadoras e supón un elemento de equilibrio das desigualdades sociais nos anos da xubilación. Con este impulso aos plans privados de pensións de emprego ou empresa, **só obteñen beneficio as grandes entidades financeiras privadas**, que verán aumentar o seu negocio en miles de millóns de euros.

Entregarase unha parte das achegas sociais, a un sistema privado individualista de capitalización.

É a hora de dar carpetazo a un PL que nunca debería ver a luz; é a hora de facer unha aposta moito máis decidida por garantir unhas pensións públicas dignas, xustas e suficientes e mirar polo interese xeral de traballadoras e traballadores.

Neste contexto no que tanto na rúa como no Parlamento está a tratarse de deixar sen efecto este PL, **rexeitamos sen paliativos o recente preacordo de convenio da construción a nivel estatal, asinado pola representación de CCOO e UXT (sen consultar nin informar á súa propia afiliación)**, no que se acorda promover un plan de emprego de pensións ao amparo deste PL, que nin sequera tivo aínda a opción de ser emendado. A firma deste preacordo de convenio da construción, é un cheque en branco para os intereses financeiros que están detrás da privatización do Sistema Público de Pensións.

Lamentablemente, **temos que dicir que nin o Goberno do Estado nin os sindicatos CCOO e UXT están á altura das demandas sociais e de traballadoras e traballadores.**

Sres. e Sras. do Goberno, non insistan máis, o seu Proxecto de Lei de fomento dos plans de emprego é un fracaso como ferramenta para mellorar o Sistema Público de Pensións e un obstáculo para consolidar estratexias políticas compartidas en defensa dos dereitos fundamentais da cidadanía.

Por iso, **desde as organizacións pensionistas esiximos:**

- **Ao goberno: Retiren o PL en trámite parlamentario!**
- **Aos dirixentes sindicais de CCOO e UXT: Non asinen convenios colectivos que inclúan Plans de Pensións Privada de Emprego!, Non contribúan á privatización do SPP!.**

De non ser así conten co rexeitamento dos movementos de pensionistas abaixo asinantes e sen dúbida do conxunto de pensionistas dos Pobos e Comunidades do Estado.

A mobilización é a nosa garantía!

GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIÓN PÚBLICAS DEFÉNDESE!

- **ASJUBI40:** Asociación Xubilación Anticipada sen penalizar
- **COESPE:** Coordinadora Estatal en Defensa do Sistema Público de Pensións
- **EHPM- MPEH:** Movemento de Pensionistas de Euskal Herria
- **MADPP:** Movemento Andaluz en Defensa das Pensións Públicas
- **MODEPEN:** Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos.
- **UNIDADE- COESPE**
- **Plataformas de Pensionistas** de Badaxoz e Móstoles